

## **BASES POLAS QUE SE REGULA O CONCURSO DE MAIOS E COPLAS DO ANO 2022**

### **PRIMEIRA:**

O obxecto deste concurso é o fomento da participación no tradicional Día dos Maios. O concurso terá lugar día 1 de maio de 2022, entre as 12.00 horas e as 20.00 horas, na praza do Concello do Barco de Valdeorras.

### **SEGUNDA:**

Os importes establecidos para os Maios, en cada unha das dúas modalidades (Artísticos e enxebres), son os seguintes:

- un primeiro premio de 300 €
- un segundo premio de 250 €
- un terceiro premio de 150 €
- dous accésits de 50 €.

Os importes dos premios para as Coplas serán os seguintes:

- un primeiro premio de 200 €
- un segundo premio de 100 €
- dous accésits de 50 €

O premio único estipulado para os participantes na categoría de Arcos florais é un lote de libros

### **TERCEIRA:**

As persoas físicas ou xurídicas que se presenten a este concurso poden facelo cun único proxecto de actividades ou con varios, valorándose cadanseu dun xeito independente. Deberán atender aos seguintes criterios:

a/ Composición e recitado de coplas: as coplas concursantes deberán estar escritas en galego. Por limitacións de tempo o xurado poderá indicarlle aos participantes que escollan unhas estrofas das súas coplas para ser cantadas, que serán, como mínimo, dez estrofas.

b/ Elaboración e exhibición de Maios: os Maios poderán ser de feitura enxebre ou artística, utilizando en todos os casos elementos vexetais (non protexidos) como os únicos que sexan visibles no acabado final. Os Maios deberán estar ás 11:30 horas na praza do Príncipe de Asturias, no lugar que se lles asigne polos membros da organización, e deberán ser retirados da praza ao finalizar o acto.

c/ Elaboración e exhibición de Arcos florais: estes elementos poderán ser de feitura enxebre ou artística, utilizando en todos os casos elementos vexetais (non protexidos) como os únicos que sexan visibles no acabado final. Os "Arcos florais" serán expostos na praza do Príncipe de Asturias, no lugar que se lles asigne polos membros da organización, e deberán ser retirados da praza ao finalizar o acto.

### **CUARTA:**

**O prazo de inscrición remata o día 28 de abril ás 12 horas e a mesma deberá formalizarse na oficina da Asociación Centro Comercial Aberto O Barco situada na praza do Concello, segundo o modelo que se facilitará e que debe incluír os seguintes datos:**

- Nome e apelidos da persoa que fai a inscrición e razón social social da entidade que representa, se fose o caso.
- NIF ou CIF da persoa que fai a inscrición e razón social social da entidade que representa, se fose o caso.

Os participantes na modalidade de coplas deberán entregar cinco copias das mesmas no momento da inscrición.

#### QUINTA:

Dada a natureza artística das actividades e traballos obxecto de subvención, os criterios para a valoración das obras son puramente estéticos e artísticos, podendo destacarse os seguintes:

- Establécense dúas modalidades de Maios: enxebres e artísticos. Maio enxebre é aquel maio tradicional e figurativo que representa pirámides, conos ou cruceiros. Maio artístico é o que recrea, cos elementos tradicionais, figuras, escenas cotiás, monumentos ou obras de arte.
- En relación aos Maios terase en conta a posibilidade de que sexa transportado por medios non mecánicos e que os elementos estruturais e de fixación estean ben disimulados, quedando á vista exclusivamente a materia vexetal.
- Nas coplas o xurado valorará a orixinalidade, a retransca, a composición, o ritmo, a extensión e a linguaxe utilizados.
- Con relación á categoría Arcos Florais valorarase o deseño e a orixinalidade dos mesmos

#### SEXTA:

O xurado estará formado por persoas relacionadas coa organización da festa e representativas da vida social e cultural do Barco de Valdeorras, o seu fallo será inapelable e darase a coñecer no propio recinto festivo antes das 20 horas.

#### SÉTIMA:

A participación na presente convocatoria implica a aceptación das presentes bases.

O Barco de Valdeorras, 25 de marzo de 2022

## CONCURSO OS MAIOS 2022. SOLICITUDE

### DATOS DO SOLICITANTE (persoa física)

NOME	N.I.F.
DOMICILIO SOCIAL	CÓDIGO POSTAL
TFNO. AVISOS	CORREO ELECTRÓNICO

### REPRESENTANDO Á ENTIDADE (Se é o caso)

NOME E APELIDOS	N.I.F.
CARGO QUE OSTENTA	

### SOLICITA:

A participación no concurso dos Maios 2022, que terá lugar no Barco o próximo 1 de maio de 2022 na praza do Príncipe de Asturias a partir das 12 horas, na modalidade de:

- Maios enxebres
- Maios artísticos
- Coplas (**Deberán chegar cinco copias no momento da inscrición**)
- Arcos florais

O Barco de Valdeorras a .....de ..... de 2022

Asdo.-.....